

EXTRATEXIAS PARA ENSINAR A DESENVOLVER A COMPETENCIA LECTORA

MICROHABILIDADES	EXERCICIOS
PERCEPCIÓN	- Percibir os aspectos máis significativos. O alumnado enfróntase aos textos sen saber como percibilos mellor para desenvolver máis rápida e eficazmente a súa lectura. Precisan de técnicas ou exercicios para isto. - Recoñecemos mellor unha letra ou unha palabra pola súa forma superior que pola inferior - É máis decisiva a raíz dunha palabra que a súa terminación - Centramos máis a nosa atención no comezo dunha frase ou dun parágrafo que no resto.
MEMORIA (importantísimo papel da MCP durante a lectura)	- Facer ditados por parellas - Reter palabras (memorizar 4-5 palabras e verificar que aparecen nun texto. - Comparar textos (buscar diferenzas entre textos e resumos ou entre dúas noticias arredor dun mesmo tema) - Xogar a encadear palabras oralmente
ANTICIPACIÓN (importantísima habilidade de comprensión lectora. O éxito dunha lectura depende moitas veces da información previa, das expectativas e da motivación.) MOTIVACIÓN E ACTIVACIÓN DE SABERES PREVIOS ESTÍMULO(SD)	Predición (adoptar unha actitude de lectura) - Facer preguntas: que pasará? Como imaxinas que continuará? Observación (interpretar elementos non verbais do texto) - Reflexionar sobre: tipo de letra, fotos, esquemas, índice, subtítulos, portada, contracapa, soporte...) Anticipación (activar os coñecementos previos sobre un tema para poñelos ao servizo da lectura e construír o significado do texto) - Anotar o que se sabe sobre un tema antes de ler (listaxes, esquemas, mapas conceptuais, cuestionarios...) - Preguntar sobre hábitos e gustos de lectura. - Levar libros á aula para escoller ou ir á Biblioteca a escollelos. Ex.: Anticiparnos á lectura dun artigo sobre as bocas dos sumidoiros: - Que son os sumidoiros? Como son? Para que serven? - Fai unha lista de substantivos e outra de verbos relacionados co mundo dos sumidoiros. - No camiño do instituto a casa fíxate nas bocas dos sumidoiros e pensa por que son así.

LECTURA RÁPIDA E LECTURA ATENTA (debe facerse en moi pouco tempo para obrigar o alumnado a ir ao que interesa)	• Dar un vistazo ○ Ler un xornal e dicir cales son os titulares do día, de que trata a portada, quen son os protagonistas ou escoller un titular novo. • Lectura atenta ○ Buscar información específica: unha data, un nome... ○ Consultar unha dúbida nun manual (libro de texto, dicionario...)
INFERENCIA (Habilidade para comprender-deducir algún aspecto do texto a partir do significado do resto. Necesaria para que o alumnado adquira autonomía. Consiste en encher as lagoas de significado interpretando palabras, enunciados ou parágrafos a partir do contexto) REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA TAREFA INICIAL ou TAREFAS POSIBILITADORAS(SD)	• Deducir (inferir) o significado dunha palabra polos propios coñecementos do mundo, polo contexto, polas relacións semánticas, pola súa formación morfolóxica... • Adiviñar palabras case ilexibles dos seus propios textos ou dunha fotocopia borrosa. • Deducir de que poden tratar parágrafos suprimidos nun texto a partir da lectura comprensiva dos outros parágrafos. DEFINICIÓNS ADECUADAS
IDEAS PRINCIPAIS (Ideas principais (información esencial), estrutura (organización), forma (detalles), lectura entre liñas (intención ou punto de vista do autor)) 1º NIVEL DE COMPRENSIÓN. ESTE NIVEL DE COMPRENSIÓN É PREVIO A CALQUERA OUTRO E A CALQUERA TRABALLO LINGÜÍSTICO QUE SE QUEIRA FACER A PARTIR DO TEXTO. A REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA DO TEXTO VIRÁ DESPOIS DA COMPRENSIÓN DO TEXTO. PRIMEIRO O CONTIDO, DESPOIS A FORMA. TAREFA INICIAL(SD)	• Subliñar as ideas máis importantes. • Subliñar dunha cor as ideas teóricas e con outra os exemplos. • Escoller un título para o texto e un subtítulo para cada apartado. • Ordenar os enunciados segundo a orde que lles corresponde no texto. • Numerar nas marxes os argumentos do autor. ESQUEMAS E MAPAS CONCEPTUAIS

ESTRUTURA E FORMA 2º NIVEL DE COMPRENSIÓN TIPOLOXÍA TEXTUAL REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA TAREFAS POSIBILITADORAS(SD)	• Comprender a organización formal do texto (apartados ou capítulos) • Comprender a estrutura do tipo de texto (presentación-nó-desenlace; hipótese-argumentación-tese...) • Comprender a organización da información (causa-efecto, obxecto-suxeito, situación espacial ou temporal...) • Analizar as propiedades textuais (rexistro, corrección, estilo...). ENFOQUE COMUNICATIVO ELABORAR RESUMOS ELABORAR LIÑAS CRONOLÓXICAS ELABORAR DESCRICIÓNS • Reflexionar sobre a lingua (pronuncia, ortografía, puntuación, gramática, léxico-semántica) ENFOQUE GRAMATICAL INDUCIR REGRAS GRAMATICAIAS
LER ENTRE LIÑAS (inferir) (Información non explícita, que se agocha detrás do texto ou que se sobreentende, porque depende da intención do autor (premeditadamente ambiguo) e da interpretación do lector. Microhabildade superior). 3º NIVEL DE COMPRENSIÓN TAREFAS POSIBILITADORAS(SD)	• Inferir información sobre o autor-a (intención, opinión, ánimo, ideoloxía...) • Identificar a quen se dirixe o texto (destinatarias-os) • Comprender o sentido de humor do texto, a ironía, os dobres sentidos, os sentidos figurados, o simbolismo, as alegorías... • Interpretar artigos de opinión, relatos e poemas. COMENTARIO DE TEXTOS Ex.: <i>Eu tamén pensaba que ela superara a ABAU.</i> Lectura entre liñas: - Ela non superou a ABAU - Eu non o sabía - Ti non o sabías - Ti e máis eu opinábamos o mesmo
AUTOAVALIACIÓN	• Velocidade adecuada da lectura (segundo os obxectivos e o texto) • Desenvolver as miccrohabilidades apropiadas para cada situación (anticipación, lectura atenta, inferencia) • Detectar deficiencias de comprensión, detectar a causa (carencias culturais, léxicas ou falta de coñecementos previos) e escoller unha estratexia para resolvela (reler o fragmento que non se comprende, inferir o significado de palabras polo contexto, reter na memoria o que se descoñece e buscar información externa que encha o oco pola falta de coñecementos previos)
TAREFA FINAL	PRODUCCIÓN TEXTUAL